

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Lingua Castelá e Literatura de 6º de primaria. Estamos en Boiro (Escarabote) un concello de tamaño pequeno.

A actividade económica desta poboación basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade mariñeira.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, un porto, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como a praia, parques, campo de fútbol e baloncesto...

Somos EDIXGAL no curso de 5º, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. é un centro con sección bilingüe. Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 200 alumnos e alumnas e que conta con dúas unidades para cada nivel de Primaria.

Hai en 6º 1 grupo, de 16 alumnos.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:45 a 14:45, dispón de comedor e servizo de transporte escolar. O día reservado para atención a familias é o luns, de 17:30 a 18:30

Tamén somos cento con sección bilingüe, impartindo a área de Educación Plástica en Inglés, e polo que contamos con auxiliar de conversa.

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio e tv, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un salón no que se pode facer representacións teatrais.

Os libros de texto serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado,

Centrándonos na propia área de lingua e literatura castelá, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así que estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

Co remate deste curso, a área pretende contribuír esencialmente para acadar o perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa na maioría do alumnado, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Por fin somos os maoires!	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna). Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral (presencial, mensaxería instantánea, telefónica...) Canles de comunicación escrita (manuscrita, impresa, dixital...) Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, palabras simples e compostas, maiúsculas/minúsculas.	11	16	X		
2	Escrito queda mellor.	Diversidade lingüística (distintas formas da lingua española). Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (respectar quendas, escoitar, asumir razoamentos alleos, intervir cando corresponda)	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Escrito queda mellor.	Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instrutivos: manuais, guías, prospectos... Substantivo, prefixo e sufixo, normas de acentuación, ditongos e hiatos.	11	16	X		
3	Aprendo e me emociono coa palabra	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais: expositivos, instrutivos, de debate. Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos: textos literarios, de opinión, manuais, descritivos... Elaboración de textos expositivos multimodais que implican procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, etc, con asignación de diferentes roles no grupo. Adxectivos.	11	16	X		
4	Contos e novelas	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Determinantes: artigos, posesivos, demostrativos, . Normas ll/y, c/cc. Concordancia de xénero e número.	11	15		X	
5	A linguaxe poética	A poesía recitada e as cancións. Estrutura da linguaxe poética: métrica e rima. Ritmo, emocións e recursos literarios na linguaxe poética. Pronomes. Uso de: punto, coma, punto e coma dous puntos, puntos suspensivos.	11	15		X	
6	Quen me coñece mellor?	Expresión de vivencias persoais. Experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas. O verbo: raíz e desinencia. Uso de b/v	11	16		X	
7	Vivimos en democracia	O debate como forma ordenada de intercambiar ideas, con respecto polas diferentes opinións. Textos argumentativos, informativos e de opinión. Verbos: conxugación, número e persoa. Formas persoais e non persoais. Os xentilicios.	11	15			X
8	Comprendo a túa opinión	O debate: xogo de roles e asimilación da postura contraria. A entrevista: interacción coa persoa entrevistada. Preparación previa e redacción posterior da entrevista. Verbos: tempo, modo e forma. Uso g/j, aumentativos e diminutivos.	12	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A comunicación no mundo dixital	Comunicación oral no mundo dixital: radio e tv; normas e códigos. A prensa escrita nos distintos soportes: papel, dixital. A inmediatez da información. Palabras invariables: preposicións, conxuncións, adverbios. Palabras compostas e as súas regras ortográficas.	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Por fin somos os maoires!	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un breve texto narrativo con coherencia e claridade.	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe texto de 100 palabras aproximadamente con acentuación e puntuación correctas.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos informativos lidos previamente cun vocabulario propio, de maneira axeitada.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Expresa unha consideración equilibrada entre as dúas linguas oficiais.	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Demostra capacidade de cambio de uso de lingua entre castelán / galego / inglés en función do contexto social.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	Amosa consideración cara persoas doutras linguas e culturas.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Resume e reinterpreta unha conversa oral breve.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido, comprendendo opinións diferentes, manifestando a opinión propia.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 30"		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos. - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Escrito queda mellor.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Traduce de maneira espontánea ao castelán un texto lido en galego.	PE	73
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Resume correctamente un texto de 150/200 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Recoñece coa súa lectura a tipoloxía dun texto: literario, instrutivo, informativo.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redactar texto de 150/200 palabras con claridade, vocabulario preciso e non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e deseño axeitado, integrando correctamente imaxes.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida cos compañeiros e compañeiras.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diversa tipoloxía con corrección ortográfica e de puntuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica nomes, verbos, e adxectivos nun documento escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece o significado da totalidade das palabras dun texto de 150/200 palabras, a través do contexto ou por medio de uso de dicionario dixital ou físico.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa respecto e consideración polas distintas maneiras de falar dos demais.		
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva en todos os contextos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	Comunícase cos demais con respecto e igual consideración.	TI	27
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo, abstense de desacreditar a opinión dos demais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Demostra comprensión dos razoamentos dos demais, aportando a opinión propia en función deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral

Contidos

- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendo e me emociono coa palabra	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Identifica nun texto oído de 200 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas.	PE	53
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito a proposta da mestra/e.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e idea central nun texto breve.		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos multimodais, nos que inclúe a información aportada por elementos paratextuais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un texto dixital no que se inclúan elementos textuais e paratextuais, con coherencia e harmonía.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diferente tipoloxía con estrutura, ortografía e vocabulario correctos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica en textos os nomes, verbos, adverbios e adxectivos.	TI	47
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Expresa as súas ideas con claridade, vocabulario e xestualidade axeitados.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias persoais.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.	Xestiona correctamente o procedemento de procura e devolución de libros na biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un texto orixinal a partir de dúas ou máis fontes, citándoas.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Realiza presentación dun texto multimodal elaborado previamente, argumentando con corrección, con apoio dos elementos paratextuais.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas do seu funcionamento.	Coñece a nomenclatura das temáticas, así como a súa ubicación e organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación,

Contidos

- funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Contos e novelas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos narrativos como contos ou novelas con definición da trama e personaxes principais.	PE	32
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto con intención literaria, cunha estrutura completa (presentación, no e desenlace).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Recoñece textos literarios de tradición oral pola súa tipoloxía, e crea novos a partir de modelos.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora breves textos literarios con corrección gramatical e ortográfica.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece nun texto escrito os grupos nominal e verbal, e identifica nomes, verbos, adxectivos e adverbios.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Redacta resumos de obras literarias coas ideas principais.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Expresa con claridade instrucións ou peticións, empregando vocabulario axeitado.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Completa a lectura da maioría de textos do seu interese, sen deixalos a medias.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa lectura fluída en textos literarios de calquera xénero.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Amosa continuidade de lectura de textos nos momentos lectores.	TI	68
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte e matiza opinións persoais nos debates literarios.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para comentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Redacta valoración propia sobre unha lectura dun texto literario da súa escolla.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.	Amosa preferencias por algún tipo de literatura, e explica as razóns.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente no club de lectura do nivel.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade.	Participa con interese en representacións lidas e escenificacións teatrais.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Asocia a lectura dun texto literario a unha época ou movemento cultural determinado.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelabora textos de propia creación anterior, con mellora na súa claridade e riqueza de vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.

Contidos

- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
5	A linguaxe poética	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e rima dun poema, recoñecendo as estrofas.	PE	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos para cancións ou recitado con acompañamento musical (regueifa, rap,...) a partir dunha base rítmica.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Analiza un texto poético, identificando sentido literal e sentido figurado.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe texto poético breve, coidando a rima, métrica e correcta ortografía.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisa e corrixe ortográficamente textos poéticos propios ou de compañeiros e compañeiras.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Constrúe poemas con sentido completo e rima axeitada.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Participa activamente nos comentarios de obras literarias en verso.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa en grupo valoración persoal sobre poemas.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Expresa preferencias temáticas ou de autor en foros literarios de poesía.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.	Expresa gusto pola literatura en calquera das súas facetas.	TI	58
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza momentos na biblioteca para comentar lecturas cos compañeiros, amosando as súas preferencias.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade.	Participa activamente en lecturas expresivas líricas ou dramáticas.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Recoñece mensaxe e intención en cancións e versos recitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. - Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.

Contidos

- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Quen me coñece mellor?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Defínese nun texto escrito con linguaxe axeitada e variedade de características.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Redacta vivencias propias utilizando linguaxe variada, axeitada e con sintaxis correcta.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta, con posterior revisión, texto de carácter descritivo con corrección gramatical, vocabulario axeitado e adecuada estrutura.	PE	76
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora un texto descritivo proposto, de maneira que modifique as características, utilice novas palabras, e acade un resultado orixinal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelaborar un texto previamente elaborado por un alumno ou alumna, para conseguir unha mellor comprensión do mesmo, modificando vocabulario, estrutura, e ortografía.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisar ortográficamente texto presentado, corrixindo correctamente erros de b/v, h, m/n, g/j		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Comunica aos demais as súas emocións con vocabulario axeitado.	TI	24
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Valora as cualidades dos demais fóra de prexuízos de calquera condición nos textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. - Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Vivimos en democracia	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta parte final dun texto incompleto, con resolución creativa e posible.	PE	34
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un artigo de opinión sobre un tema social de interese, expresando razoamento claro e criterio propio.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Redacta breve acta de debate con vocabulario axeitado e ortografía correcta.		
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Manifesta respecto polas opinións dos demais en toda circunstancia.	TI	66
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Expresa opinións persoais de maneira coherente e fluída.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Nas conversas grupais demostra respecto polas quendas, escoitando as intervencións dos demais.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Utiliza vocabulario axeitado ao contexto nas diferentes situacións de comunicación.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Incorpora as opinións alleas para adaptar a súa opinión na procura da resolución dialogada de conflitos ou na construción de opinión colectiva.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Utiliza con regularidade recursos seguros na procura de información e evita utilizar enlaces publicitarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Comprendo a túa opinión	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece elementos de linguaxe discriminatoria nun texto escrito, e redacta de maneira alternativa.	PE	50
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta en procesador de textos resumo de debate, no que expresa as opinións enfrontadas e a conclusión final.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta sobre un problema social, expresando opinión propia e respecto pola diversidade.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelaborar para facer máis comprensible, e con axuda de dicionario, textos propostos, extraídos de informacións de carácter técnico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Corrixir textos breves para evitar discriminación na perspectiva de xénero e acadar correcta ortografía.	TI	50
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Escoita as opinións dos demais no debate, argumentando a súa propia en función daquelas.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Asimila parte das opinións alleas na súa propia argumentación.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Demostra capacidade de consensuar solucións en situacións de conflito.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.	Localiza información necesaria na biblioteca e en internet para documentarse sobre algunha persoa coa intención de entrevistala.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de prexuízos e discriminación dende a perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral. - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	A comunicación no mundo dixital	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta resumo de noticias aparecidas nunha sección de xornal dixital.	PE	54
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un texto argumentativo expresando a súa opinión sobre un texto de prensa proposto.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Elabora conclusións sobre un artigo de opinión en prensa, con vocabulario e ortografía correctos.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Demostra hábito de consultar información da actualidade a través dos medios de comunicación social.	TI	46
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Localiza en grupo usos discriminatorios da linguaxe nun xornal.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Recoñece e utiliza recursos de internet seguros para a procura de información, e aplica medidas básicas de seguridade para protexer a súa privacidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Procesos: produción oral. - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Galega e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.

Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

>Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os/as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos e alumnas en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao

25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado.
Portátil de aula, do profesor ou profesora, e PDI.
Espazo EVA Abalar, con recursos dispoñibles e elaborados.
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos multimedia.
Radio escolar, aula multimedia, e salón de actos.
Fontes documentais de internet.

O alumnado traballará fundamentalmente co equipo dixital persoal. Utilizará cadernos e outro material para escritura manual como complemento ás ferramentas dixitais.

A disposición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.

A plataforma EVA Edixgal será o instrumento principal de interacción e secuenciación de tarefas docente/discete, e servirá tamén como control avaliativo.

Haberá outros espazos do centro con uso regular, como son a biblioteca, a radio escolar ou o espazo para representacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso, utilizando tres sesións, realizarase unha avaliación inicial que servirá para actualizar a información sobre o seu grao de consecución de obxectivos do curso pasado. Esta avaliación inicial constará de:

Exame do expediente de cada alumno e alumna, con especial atención no caso de alumnado de nova incorporación.

Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.

Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

Redacción dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.

Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	12	11	100
Proba escrita	34	73	53	32	42	76	34	50	54	50
Táboa de indicadores	66	27	47	68	58	24	66	50	46	50

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse o criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignadas.

Haberá unha proba escrita na parte final de cada unidade didáctica, sobre a que se obterá a nota en función do peso que se asigne a cada pregunta da mesma.

As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido.

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).

Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: $\text{nota final} = \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av} + 2x \text{ nota } 2^{\text{a}} \text{ av} + 3x \text{ nota } 3^{\text{a}} \text{ av} / 6$.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.

Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, con horario de profesorado con dispoñibilidade horaria ou de profesorado especialista de PT ou AL..

Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.

No remate da unidade didáctica 9, adicaranse catro sesións á realización de actividades de carácter colectivo onde poderán poñer en práctica o aprendido durante o curso, e servirán como recuperación nos casos que se precise.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada unha das unidades didácticas avaliarase por proba escrita e por listas de control.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

>Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

>O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.

>O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
 >O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X				X	X	
ET.6 - Educacion emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento.	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X
ET.3 - Educación para a paz.	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	
ET.6 - Educacion emocional e en valores.	

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita obra de teatro en Vigo.	Asistencia a unha representación teatral en lingua española nun auditorio de Vigo no primeiro trimestre.	X		
Participación no concurso de creación literaria organizado dende a biblioteca do centro.	Participación do alumnado de forma individual ou en grupo, no concurso de creación literaria da biblioteca (segundo trimestre).		X	
Entrevista con escritor ou escritora de actualidade.	Asistencia a conferencia de escritor ou escritora, con quenda de preguntas posterior.			X

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).
Metodoloxía empregada
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel.
Medidas de atención á diversidade
Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.
Clima de traballo na aula
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.

Outros

Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados